

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO “CONVENIO POR EL QUE SE ESTABLECE EL ACUERDO DE FINANCIACIÓN DEL INSTRUMENTO FINANCIERO DE GESTIÓN CENTRALIZADA FEADER 2014-2020 ENTRE EL MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN, LA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA SOCIEDAD ANÓNIMA ESTATAL DE CAUCIÓN AGRARIA (SAECA)”

(1) A Consellería do Medio Rural, consonte o establecido no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos fomentar a competitividade da agricultura e lograr un desenvolvemento territorial equilibrado das economías e comunidades rurais incluíndo a creación e conservación do emprego.

(2) Antecedentes.

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014_2020 (PDR) foi aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por Decisión de Execución da Comisión C (2020) 5734 final, do 30 de xullo de 2020.

A Autoridade de xestión é responsable da xestión e aplicación eficiente, eficaz e correcta do PDR de acordo coas funcións e responsabilidades que lle atribúe o artigo 66 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello.



As competencias da Autoridade de xestión foron asumidas directamente pola Consellería do Medio Rural e atribuídas polo Decreto 149/2018, do 5 de decembro polo que se aproba a estrutura orgánica desta consellería, á Secretaría Xeral Técnica.

O Marco Nacional de Desenvolvemento Rural aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión do 13 de febreiro de 2015 - en aplicación do disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello - inclúe no seu apartado 5.1.9 un *Instrumento Financiero de Gestión Centralizada* (IFGC) de adhesión voluntaria.

O Regulamento (UE) nº 1303/2013 citado, esixe que a decisión de financiar medidas de apoio por medio dun instrumento financeiro se basee nunha avaliación *ex ante* que defina o nivel estimado das necesidades de investimento público e o seu alcance.

A avaliación *ex ante* realizada polo Ministerio de Agricultura Pesca y Alimentación (MAPA) de acordo co previsto no Regulamento (UE) 1303/2013, constatou a existencia dun fallo de mercado, que determinaba unha maior esixencia de garantías das entidades financeiras para o financiamento de investimentos do sector agrario. O que conduce a unha asignación ineficiente dos recursos financeiros dispoñibles para investimentos no medio rural.



De acordo ás conclusións desta avaliación o MAPA considerou necesario instrumentar medidas que permitisen facer efectivo o acceso ao financiamento a aqueles proxectos de investimento en zonas rurais de interese estratéxico para os PDR que, ben polos seus obxectivos, ben polo seu longo período de amortización ou porque son promovidos por persoas mozas ou sen historial crediticio, vían dificultado ou impedido o seu acceso ás garantías requiridas para formalizar os créditos.

A comunidade autónoma de Galicia manifestou a súa vontade de participar neste Instrumento Financeiro, introducindo no seu Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) correspondente ao período 2014-2020, o instrumento financeiro como modalidade de axuda a diversos tipos de medidas.

O PDR prevé diversas operacións que se poden apoiar mediante contribucións dun instrumento financeiro, combinado, no seu caso, con subvencións.

En virtude do establecido no PDR, as medidas que poden ser obxecto de financiamento a través do instrumento financeiro son as seguintes:

- Os investimentos en activos físicos (Submedida 4.1)
- As actuacións previstas no ámbito da transformación e a comercialización de produtos agrarios (Submedida 4.2)
- Os investimentos en transformación de produtos forestais (Submedida 8.6)

O importe programado que figura na versión aplicable do PDR de Galicia é:

Medida	Presupuesto FEADER del PDR para el IFGC	Gasto Público Total (GPT) del PDR para el IFGC
04	9.000.000 €	12.000.000 €
08	1.500.000 €	2.000.000 €



Para fixar as condicións nas que os programas de desenvolvemento rural contribuirán ao IFGC é necesario asinar acordos de financiamento coas Autoridades de xestión interesadas conforme o disposto no Anexo IV do Regulamento (UE) nº 1303/2013 que establece o seu contido mínimo.

(3) **Finalidade.**

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación e coa Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de 4 anos dende a súa sinatura.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións de xestión do Instrumento Financiero de Gestión Centralizada Feader 2014-2020 para a concesión de préstamos garantidos para a financiación rural no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Marco Nacional de Desenvolvemento Rural, aprobado pola Comisión Europea mediante Decisión do 13 de febreiro de 2015 -en aplicación do disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrógase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello e no Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello.



- Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014_2020 (PDR), aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015 e modificado por Decisión de Execución da Comisión C (2020) 5734 final, do 30 de xullo de 2020.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela,
(asinado dixitalmente)

O secretario xeral técnico

Nicolás Vázquez Iglesias

